



Anulado definitivamente o IV Convenio

!!! UNHA VITORIA TOTAL !!!

A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO ENTERRA DEFINITIVAMENTE O NEFASTO IV CONVENIO COLECTIVO DE NAVANTIA E IMPLICA QUE O III CONVENIO ESTÁ VIXENTE A TÓDOLOS EFECTOS.

É UNHA GRAN VITORIA DOS TRABALLADORES E DO SINDICALISMO COMBATIVO, DO SINDICALISMO QUE NON SE RESIGNA ANTE OS RECORTES DOS DEREITOS CONQUISTADOS POLO MOVEMENTO OBREIRO.

É unha gran vitoria e temos moitos motivos para celebrala (mantemos as conquistas de catro décadas de loita, colócanos nunha boa posición, é unha inxección de moral...), pero é unha vitoria nunha batalla. A guerra continúa e temos que prepararnos para as batallas futuras, que as haberá e tamén serán duras.

Agora, o primeiro que temos que facer é esixirlle á empresa o **CUMPRIMENTO ÍNTEGRO E INMEDIATO DO III CONVENIO**. O convenio colectivo é lei, e as leis están para cumprirse. **TEÑEN QUE DEVOLVERNOS TODO O QUE ESTÁ PENDENTE E PAGAR TODO O QUE NOS ADEBEDAN.** Non hai escusas, nin sequera as limitacións orzamentarias, que só existen cando lle convén ó PP, como se demostra continuamente. O último exemplo tivémolo a semana pasada. Mentres o PP prepara uns Orzamentos Xerais do Estado cun recorte de 5.500 millóns, o ministro de Fomento anuncia un rescate do mesmo importe para as autopistas privadas en bancarrota. Vese o mesmo en Navantia. Para enchufar técnicos superiores, non hai problema coa masa salarial. Tampouco o houbo para pagar a “garantía de permanencia” que substituíra ás asimilacións. Pois se había cartos para pagar esa garantía, tamén ten que habelos para pagar agora as asimilacións. Non aceptemos o discurso da dereita, non aceptemos que non se pode. ¡SI SE PODE!, o problema é que non se quere. Hai que vencer esa resistencia a través da loita, que é o único camiño, como acaba de demostrar o Sindicato de Estudantes obrigando ó goberno a retirar as reválidas franquistas.

Pero esta sentenza tamén é moi importante polas leccións que contén.

1) **ESTA GRAN VITORIA LÓGRASE GRAZAS ÓS TRABALLADORES.** Pero tamén hai que dicir que aquel movemento en defensa do III Convenio foi iniciado na nosa factoría polo grupo organizado de traballadores que defendemos un sindicalismo combativo, de clase, democrático e assembleario, que non só facemos declaracións de principios, senón que traballamos arreo a prol doutro modelo sindical. En 2013 isto se concretou en comunicados informando ó conxunto da plantilla sobre qué se estaba pasteando ás nosas costas na mesa de negociación, denunciando que o comité renunciaba ó III Convenio e esixindo unha asemblea xeral para que os traballadores nos pronunciásemos. E cando o comité rexeitou de forma totalmente burocrática esa asemblea (“as asembleas xerais convócaas o comité cando o considera conveniente, e agora non o considera conveniente”),

recollemos sinaturas para obrigar ó comité a convocala. Esa asemblea das sinaturas foi a auténtica sentenza de morte do IV Convenio. A partir dese día, tódolos partidarios do IV Convenio nas filas sindicais tiveron que empezar a manexar nos seus cálculos unha variable que até entón despreciaban, subidos como estaban ó poleiro. Tamén a dirección de Navantia, que cometeu un erro clásico nas empresas: xulgar ós traballadores a través do prisma dos dirixentes que negocian con elas. Ten a súa lóxica: Oliva, o presidente do intercentros, comprado; outros, vendo todo moi normal; as federacións sindicais, pregoando que había que aceptar recortes “porque os hai en todas partes”... ¿que problema podía haber?

Uns e outros esqueceron o factor fundamental da loita de clases: os propios traballadores, que demostraron entender mil veces mellor a situación, ter mil veces máis vontade de loita e estar mil veces máis á esquerda ca os seus dirixentes.

A lección é clara: a organización é fundamental. En Ferrol fomos os compañeiros que hoxe estamos en Gañemos CCOO. En Cartagena, os Insumisos de CCOO lograron que un terzo da asemblea se opuxese ó IV Convenio. E de haber en San Fernando un grupo similar de afiliados de CCOO, estamos convencidos de que o apoio ó IV Convenio tería sido alí máis reducido. Os traballadores non debemos facer caso ós cantos de serea que nos animan a despreocuparnos, a deixar as cousas nas mans duns poucos que nos venden que non teremos que tomarnos ningunha molestia porque eles asumen a pesada carga da responsabilidade: xa pensan eles por nós, xa saben eles o que nos convén, deixémoslles facer e todo irá ben. Este é un camiño directo ó precipicio.

2) Se en 2013 a comisión negociadora chega a asinar legalmente o IV Convenio, non só teríamos perdido moitos dos nosos dereitos, senón que hoxe estaríamos nun V ou VI Convenio que terían profundado nos recortes. Pero isto non sería consecuencia de que os recortes son inevitables, senón **única e exclusivamente dos dirixentes sindicais do momento. Un, por traidor. E outros, por aceptar con toda naturalidade os plantexamentos de Oliva, por ser incapaces de distinguir entre os intereses da empresa e os intereses dos traballadores.**

A lección é clara: os dirixentes sindicais xogan un papel clave na loita de clases, tanto para ben como para mal. Para ben, cando cumpren a súa función de dar cauce e impulsar a mobilización dos traballadores en defensa dos nosos dereitos e reivindicacións. E para mal, cando non a cumpren. **Cando ocorre isto último, cando os dirixentes sindicais permanecen pasivos ou directamente pasan a ser parte do problema, os traballadores debemos substituílos para salvagardar os nosos intereses.**

A sociedade pasa por unha época moi difícil. E a situación non ten visos de mellorar. Todo está en perigo. Estamos perdendo moitos dereitos, pero non porque sexa inevitable perdelos, senón porque quen ten a responsabilidade de organizar a súa defensa non o está facendo. Os últimos catro anos de absoluta desaparición dos dirixentes sindicais (excepto para facerse fotos co PP) son sobradamente elocuentes neste senso.

A clase obreira é hoxe un exército sen xenerais. Ou mellor dito, é un exército cuxos xenerais están derrotados: nin cren na vitoria nin teñen vontade de combate. É tarefa e responsabilidade de todos cambiar esta situación, É TAREFA E RESPONSABILIDADE DE TODOS ORGANIZARNOS PARA CONSTRUIR UNHA NOVA DIRECCIÓN Á ALTURA DESTA ÉPOCA, UNHA NOVA DIRECCIÓN QUE SAIBA E QUEIRA DEFENDER OS INTERESES DA CLASE OBREIRA.